



A situación de excepcionalidade coa que inauguramos o 2020 da man da COVID-19 permitiunos testar, entre outras cousas, até que punto a expansión da globalización económica neoliberal ten entre as súas contrapartidas a perda de control sobre recursos imprescindíbeis para satisfacer as nosas necesidades básicas e protexer a nosa saúde.

Unha das primeiras preocupacións diante dun escenario como o activado polo Coronavirus é como abastecemos de alimentos. Nesta ocasión, as autoridades optaron por dirixir a adquisición de produtos básicos, intensificado durante o confinamento, cara as superficies comerciais -privilexio aproveitado por algunhas delas para subir os prezos¹-. A realización de mercados de produtos de proximidade ao aire libre foi suspendida na meirande parte do Estado -na Galiza retomáronse a partir do 4 de maio logo dunha intensa campaña de presión por parte de

organizacións agrarias e sociais²-, ao tempo que se estableceron medidas de confinamento pouco acordes á realidade do mundo rural³, dificultando o acceso a hortas de autoconsumo ou o coidado de cultivos.

Actualmente, somos cada vez máis as persoas que adquirimos a meirande parte da nosa alimentación en superficies comerciais que, á súa vez, dependen de cadeas de provedores máis ou menos extensas. A esta falta de control sobre o subministro, engádese o feito de que a maioría dos alimentos aos que podemos acceder nestas áreas foron obtidos a través de modelos de produción industrializados, nos que o emprego

de substancias químicas, así como de determinadas prácticas de procesamento e distribución, ten impactado -ou mesmo *mermado*- a súa calidade nutricional, repercutindo na nosa saúde⁴ e na do medio ambiente⁵, ambas as dúas sempre tan estreitamente relacionadas.

Garantir o acceso a unha alimentación sa e de calidade, producida maioritariamente na contorna das persoas que a consume, e empregando técnicas de cultivo e cría de animais respectuosas co medio ambiente, é unha reivindicación apoiada por cada vez máis persoas, malia non ocupar aínda un lugar destacado na axenda política nin mediática. Para explicar a importancia que para os seres humanos e a natureza no seu conxunto ten a alimentación e os procesos produtivos vinculados a ela, dende hai xa máis de dúas décadas multitude de organizacións, institucións políticas, académicas e algúns gobernos⁶ veñen empregando o principio da Soberanía Alimentaria (SA). Partindo da máxima de que a alimentación non é unha cuestión de mercado, senón de satisfacción dunha necesidade básica, dun dereito humano, este concepto foi presentado polo movemento agrario

¹ Segundo os datos do IPC, o prezo dos alimentos subiu un 4% no mes de abril, un 10% no caso de legumes e hortalizas. "La pandemia deja aumentos de precios en varios supermercados, con picos de hasta el 16% en las bebidas", *ElDiario.es* (25 de abril, 2020).

² "O Ministerio de Agricultura desenténdese dos mercados de proximidade e 600 organizacións do Estado reclamamos a súa reapertura diante de Sanidade e Consumo", nota de prensa do Sindicato Labrego Galego (8 de abril do 2020). Campaña #SOSCampesiñado.

³ Pódese acceder a un testemuño en primeira persoa no artigo "Asalto a la autosuficiencia rural", publicado por Rosa Alah no diario *El Salto* o 30 de marzo do 2020. Escolma das medidas aplicadas no confinamento rural que afectaron á produción de alimentos dispoñibel no boletín dixital "SLG Informa", Novidades normativas na Fase 0 do proceso de desescalada no estado de alarma pola pandemia do Covid-19, publicado o 5 de maio do 2020, accesíbel na web do Sindicato Labrego Galego (<http://www.sindicatolabrego.com>).

⁴ O estudo "Health effects of dietary risks in 195 countries, 1990–2017: a systematic analysis for the Global Burden of Disease Study 2017", financiado pola Bill & Melinda Gates Foundation e publicado o ano pasado na revista médica *The Lancet* concluíu que unha quinta parte dos falecementos a nivel mundial, arredor de 11 millóns, estiveron asociados a unha alimentación pouco saudábel.

⁵ No ano 2016 o Panel Internacional dos Recursos, auspiciado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, afirmou que o proceso de agroindustrialización é responsábel do 60% da perda de biodiversidade a nivel global e do 24% das emisións de gases de efecto invernadoiro.

⁶ Nos últimos anos teñen lexislado sobre o dereito á Soberanía Alimentaria países como Argentina, Bolivia, Brasil, Cuba, Ecuador, México, Nicaragua, Uruguay ou Venezuela.

internacional La Vía Campesina (LVC)⁷ durante o Cumio da Alimentación celebrado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO, polas súas siglas en inglés) en Roma no ano 1996.

Esta reivindicación apela ao dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente axeitados, accesíbeis, producidos de xeito sostíbel e ecolóxico, así como a decidir o seu propio sistema agroalimentario, sen estar supeitados aos intereses especulativos do comercio internacional. Dende esta perspectiva, a produción de alimentos no propio territorio é contemplada como expresión dun medio rural vivo, habitado, con servizos públicos, con pasado, presente e futuro. Isto implica apostar por reconstruír os sistemas alimentarios agrícolas, gandeiros e pesqueiros para que os produtores e produtoras locais, as labregas e labregos, ocupen un papel central.

A SA dá prioridade ás economías locais e aos mercados dentro dos países, contemplando o mercado internacional para aqueles produtos que non poidan ser producidos en cada un dos territorios. Rexeita os procesos de agroindustrialización e aposta polo campesiñado e a agricultura familiar, comunitaria e de autoconsumo; a pesca artesanal e o pastoreo tradicional. Coloca a produción alimentaria, a distribución e o consumo sobre a base da sostenibilidade ambiental, social e económica. Tamén promove o comercio transparente, que garanta ingresos dignos para as labregas e labregos, así como o dereito das persoas consumidoras a acceder a unha alimentación saudábel a prezos asequíbeis.

Asemade, ao tempo que reivindica e sistematiza o coñecemento

⁷ Actualmente La Vía Campesina (<https://viacampesina.org>) agrupa a 182 organizacións de 81 países; na Galiza, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.



acumulado polos labregos e labregas dos distintos pobos do mundo, a Soberanía Alimentaria pon en valor que, ao longo do planeta, aqueles lugares onde historicamente se teñen concentrado as actividades produtivas relacionadas ca alimentación -tanto o rural do interior como as aldeas e vilas mariñeiras-, teñen sido importantes espazos de custodia e transmisión das culturas dos pobos. Neste aporte universal, subliñan organizacións con presenza global como LVC, en todos os continentes as mulleres destacan de xeito notorio no mantemento, por exemplo, das sabedorías gastronómicas e menciñais.

Partindo da reflexión da necesidade de reivindicar a alimentación como unha das cuestións centrais de calquera sociedade, a Soberanía Alimentaria desenvolve a Agroecoloxía como modelo de produción. Este termo non só alude á obtención de produtos ecolóxicos acordes á regulación vivente. A día de hoxe, incluso grandes superficies internacionais ofrecen produtos ecolóxicos de marca propia, pero que non cumpren o conxunto de requisitos para seren considerados agroecolóxicos, tales como teren sido producidos en granxas de dimensión humana ou fornecidos minimizando o seu impacto medioambiental a través

de circuitos curtos de distribución. Igual que a Soberanía Alimentaria, a Agroecoloxía entende a produción e consumo de alimentos como unha cuestión transversal á propia calidade de vida, “enfócase na vida das persoas –as nosas comunidades, pobos e nacións- en lugar de producir biomasa para celulosa, agrocombustíbeis, ou produtos de exportación para outros países”, aclara La Vía Campesina⁸.

O consumo é un dos principais motores do mundo actual. Cando entregamos os nosos cartos a cambio dun determinado ben ou servizo estamos apoiando, a miúdo sen decatarnos, determinados xeitos de evolucionar como sociedade. Como se adoita dicir, hoxe en día facer a compra é un acto político. Esta toma de conciencia, neste caso con todo aquilo que garda relación cos alimentos, fai parte tamén da esencia da Soberanía Alimentaria, entendida polas persoas que a apoian e desenvolven como “una maneira de ver mundo e construílo sobre bases de xustiza e igualdade”⁹.

⁸ La Vía Campesina, “Agroecología Campesina. Por la Soberanía Alimentaria y la Madre Tierra” (2015).

⁹ Francisca Rodríguez, “Las mujeres alimentan al mundo. Soberanía alimentaria en defensa de la vida y el planeta” (VV. AA, 2009).